

Cal é o animal perfecto?

Valentina pensa que pode ser o polbo,
porque é capaz de suxeitar mil cousas
cos seus oito tentáculos.

Ou será o lobo, que pode ouvear?
Se cadra é o morcego, ten ás e voa!

Pode que descubrir o animal
perfecto non sexa tan doado.

Ti que pensas?

ISBN: 978-84-10074-57-6 www.nubeocho.com



9 788410 107457 6

VALENTINA E O ANIMAL PERFECTO

Raquel Díaz Reguera



nubeocho

Valentina e O ANIMAL PERFECTO

Raquel Díaz Reguera



nubeocho



Valentina e o animal perfecto

Colección Somos8

© do texto e das ilustracións: Raquel Díaz Reguera, 2016/2024

© da edición: NubeOcho, 2024

© da tradución: Iria Carballo, 2024

www.nubeocho.com · info@nubeocho.com

Título orixinal: *Valentina y el animal perfecto*

Primeira edición: Febreiro, 2024

ISBN: 978-84-10074-57-6

Depósito Legal: M-1987-2024

Impreso en Portugal.

Todos os dereitos reservados. Prohibida a súa reprodución.

Valentina e O ANIMAL PERFECTO

Raquel Díaz Reguera





Non percorreran nin trescentos metros desde a saída da escola cando Valentina xa tropezara con dous semáforos, pisara unha caca de can e atropelara varios peóns coa súa mochila de rodas.

Valentina ía tan ensimesmada que nin escoitaba as preguntas que lle facía a súa nai, ata que esta, desesperada, lle preguntou:

—Que che pasa, Valentina?

—A min? —contestou Valentina sorprendida—. A min non me pasa nada, pero, mami, xa que preguntas... Ti cal cres que é o animal máis increíble? O máis espectacular! O máis, máis, máis de todos!

—O máis, máis? Non sei, Valentina... Por que?

—Porque o martes temos que ir á escola disfrazados do noso animal favorito, e eu non sei cal é o meu animal favorito. Pero eu quero ir disfrazada... do animal perfecto!



—Xa sei! Xa sei! Xa sei! O mellor animal de todos é o elefante, que é o máis grande e ten unhas orellas enormes coas que pode airearse sen enchufes, nin baterías nin nada. Tamén ten unha trompa enorme que me viría estupendamente para levar a mochila. Ademais, con ela pode darse duchas fresquiñas cando vai calor. Pero...

Curiosidades dos elefantes

Son os únicos mamíferos que non poden saltar.





E cando vai frío...? Porque eu son moi friorenta! Xa sei! Para o frío nada mellor que ser unha osa. Si, unha osa peluda e quentiña que pasea por bosques, con árbores, paxaros e panais de abellas. E onde hai abellas hai mel... Aos osos encántalles o mel, coma a min! Se eu fose osa, pasaría as primaveras fartándome de comer mel e os invernos... os invernos penso que saltaría a escola e quedaría na miña cova, aínda que...



Curiosidades dos osos

Todos saben nadar. O que mellor o fai é o oso polar.



Para vivir na escuridade dunha cova o mellor é poder orientarse na escuridade coma os morcegos. Iso sería increíble. Por que dirán que os morcegos son feos? Eu creo que son preciosos e moi intelixentes. Batman, o home morcego, é moi listo, e os vampiros, tamén. Si! Encantaríame durmir pendurada boca abaixo acubillada nas miñas brillantes ás negras... Ás! Que bo sería ter ás!

Curiosidades dos morcegos

Emiten ultrasóns de alta frecuencia que son inaudibles para o ser humano. Con eles orientanse durante o voo e a caza.





Voar! Aínda que se puidese ter ás, preferiría que fosen de plumas, de plumas de cores. Con elas podería facerlle cóxegas á miña nai ou mollalas en tinta e escribirlles cartas aos meus amigos paxaros remotos. Si, definitivamente, quero ser un paxaro! Os paxaros viven nas árbores e eu sempre quixen ter unha casa nas árbores para ver o mundo desde o máis alto... Aínda que...

Curiosidades dos paxaros

Os colibrís son os únicos paxaros que poden voar cara a atrás.